



FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com
Web: federacioncolumbofilogalega.com

ACTA 3/2023

REUNIÓN DE LA COMISIÓN DELEGADA

En Santiago de Compostela, en data do 14 de Maio de 2023, reúnese a Comisión Delegada desta Federación de forma telemática en primeira convocatoria, ás 10:15 horas, baixo a presidencia de D. Enrique Freire Sobral, actuando como Secretario D. Manuel Rey San Luis, asistindo á mesma os membros que a continuación se relacionan:

Presidente: D. Enrique Freire Sobral
Secretario: D. Manuel Rey San Luis

Estamento de clubes:

D. David Rodríguez Romero
D. Carlos García Balboa
D. Carlos Budiño Pereira
D. Javier Fernández Pena

Estamento de deportistas:

D. Rafael Piñeiro Rodríguez
D. Julio González Iglesias
D. Manuel Vilaboa Almeida

Excusan a súa asistencia a esta reunión os seguintes membros:

Tesoureiro: D. José R. Costas Carbajal
Estamento de Clubes: D. Francisco J. Lagoa Fernández
Estamento de Deportistas: D. Pedro Becerra González

Reúnese a Comisión Delegada co único punto da **Orde do día:**

1.- SOLICITUDE POR PARTE DOS CLUBES DA ZONA NORTE (A CORUÑA E LUGO) DE MODIFICACIÓN DOS PUNTOS DE SOLTA DE MEDIA DISTANCIA E FONDO DAS DATAS DO 20 E 21 DE MAIO RESPECTIVAMENTE.

Ponse en coñecemento dos membros asistentes da documentación recibida o día 13 de Maio na Comisión Deportiva desta Federación firmada polos presidentes dos clubes: Alas Compostelanas, Circulo Colombófilo Herculino, Pombas Mensaxeiras de Cambre, Pombas Mensaxeiras de Narón, U.C.M. Mariñas Altas,



FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](http://15702.SANTIAGO.DE.COMPOSTELA)
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcbgalega@gmail.com
Web: federacioncolumbofilogalega.com

Pombas da Mariña e Terracha, no cal solicitan, que motivado polos escasos porcentaxes de pombas recibidas nas dúas últimas soltas tanto de Media Distancia como nas de Fondo nestas dúas Provincias, provocando deste xeito unha escasa participación de pombas para estas derradeiras soltas, a modificación dos puntos de solta de Media Distancia e Fondo que tiñan proposto no calendario deportivo aprobado na Asemblea Federativa (Carrión de los Condes e Épila) para as datas 20 e 21 de Maio respectivamente para podelas soltar dende Tarancón e aproveitando o transporte utilizado pola provincia de Pontevedra para as súas soltas de Tarancón e Requena levando as pombas de A Coruña e Lugo, evitando deste xeito un gasto excesivo debido á escasa participación de pombas nestas dúas soltas.

A Comisión Deportiva traslada esta solicitude á Comisión Delegada solicitandolle á mesma a celebración dunha reunión para tratar este tema xa que a Comisión Deportiva non ten competencias para aprobar modificacións do calendario deportivo.

A continuación e unha vez posto en antecedentes aos membros asistentes, éstos fan intervención para dar a súa opinión sobre este tema. Unha vez rematada a intervención de cada un dos asistentes, poñendo en valoración os criterios de cada un, e en virtude de preservar a competición deportiva e sobre todo a de diminuir os gastos "innecesarios", acordase o seguinte:

Aprobase por unanimidade a modificación dos puntos de solta de Media Distancia e Fondo solicitada polos clubs anteriormente mencionados.

Aprobase por unanimidade a utilización do mesmo transporte da provincia de Pontevedra para levar as pombas da zona norte a este punto de solta.

Aprobase por unanimidade, tal e como se propón no escrito, soltar ás pombas de Coruña e Lugo nun solo bando tanto para o campionato de Media Distancia como no de Fondo despois de que se solten as de Pontevedra.

E sen máis asuntos que tratar, dáse por concluída esta reunión da Comisión Delegada, sendo as 11:15 horas, da data sinalada



Asdo: Enrique Freire Sobral
-Presidente-



Asdo. Manuel Rey San Luis
-Secretario-